

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Imágenes de la mujer y del hombre. Símbolos de sexo, seducción, matrimonio y género*, Trea, Gijón, 2016, 879p.

Nesta extensa, voluminosa e pormenorizada investigación, Xosé Ramón Mariño Ferro realiza unha achega ás imaxes da muller e o home, compilando, analizando e interpretando símbolos relativos ao sexo, á seducción, o matrimonio e o xénero, que protagonizaron a vida da sociedade tradicional europea e manteñen aínda vixencia na chamada cultura popular. A súa indagación comprende catro partes: “producción e xénero”, “sexo e xénero”, “seducción, conquista e matrimonio”, “xénero, mito e relixión”.

O punto de partida, e o designio global, é tratar toda esta problemática, abordar ese universo de símbolos, como unha linguaxe. De feito, segundo Mariño sinala, e despois mostra, na sociedade tradicional europea encontramos estes símbolos formando unha linguaxe portadora de coñecemento e sentidos. Hoxe é fácil, e un risco, ficar na desvalorización e no reduccionismo ao contemplar esa linguaxe, porque os seus contidos e as súas referencias non se corresponden coas concepcións e as prácticas actualmente vixentes, saídas e vindas da Ilustración. Constitúe, pois, un reto superar este preconceito e mostrar eses símbolos, non como produtos da ignorancia, senón como elaboracións complexas, conscientes e intencionadas.

Mariño, antes de entrar en materia, ofrece unhas valiosas aclaracións acerca dos símbolos e o xénero, ao presentar o cadro conceptual que nordea a súa indagación. Acerca dos símbolos sinala propiedades (polivalencia, encadeamento, polisemia, economía) e usos (en lugar da cousa, isolados e simples, engarzados, asociados a personaxes, suxeitos a metamorfoses,

---

Recibido: 15/02/2017. Aceptado: 22/02/2017.

etc.). Por seren ilustrativas do teor do traballo, cabe destacar a polivalencia do significante, segundo unha ou outra das súas características (por exemplo, o león serve, segundo o trazo escollido, para representar Deus ou o demo), e o encadeamento lóxico, a xeración por vía de consecuencia de varios significados a partir dun primeiro significado (por exemplo, da concha-sexo (e amor, etc.) á concha-nacemento (e vida, etc.) á concha-resurrección (e viaxe, etc.)). Tamén é importante, canto aos usos, ter en conta que no ámbito das crenzas, mitos e relixións, o símbolo está en lugar da cousa, o representante no do representado, que pola súa natureza transcendente non está (nomeadamente: Deus, os deuses, etc.). Por outra parte, a comprensión “intercultural do xénero” sustenta toda a indagación.

Con esta perspectiva, e esas cautelas, Mariño compila, analiza e interpreta as imaxes do home e a muller a partir do legado de Israel, Grecia e Roma, destacando o seu desenvolvemento na Idade Media. Recorre textos, e imaxes, fornecidos por sabios, filósofos, escritores, artistas e teólogos. As súas fontes comprenden: historia, teoloxía, arte, literatura, filosofía, folclore e etnografía. Salta dunha a outra, por encima das parcelas e as fronteiras das disciplinas, para seguir a aparición, permanencia e variación dos motivos simbólicos estudados. Por iso, por esta visión desde varios ángulos, e porque a temática se sitúa hoxe nunha interface do saber e a acción, este libro posúe un interese interdisciplinar de amplo espectro: é relevante desde ópticas epistémicas diferentes, permite leituras frutíferas desde perspectivas científicas diversas: antropoloxía, ciencias sociais, filosofía.

A primeira parte, “Producción e xénero” (pp. 23-116), versa sobre o establecemento dos roles de xénero e da institución do patriarcado. O autor lembra que a asignación de xénero, a partir da diferenza biolóxica de machos e femias, e a instauración do dominio patriarcal están suxeitos a variacións culturais. Simplificadamente, as sociedades de cazadores tenden a marcar menos, que as sociedades agrícolas, a diferenza dos xéneros e a dominación subseguinte. Na sociedade camponesa europea, os varóns tornáronse propietarios das terras, propiciándose a descendencia patrilineal, a residencia patrilocal e o reforzo da autoridade masculina: en suma, un réxime patriarcal, rexido polos homes e que relegou as mulleres a unha posición inferior. Esta parte comprende dous apartados: “roles de xénero” (pp. 23-48) e “misoxinia e patriarcado” (pp. 48-116).

Na segunda parte, “Sexo e xénero” (pp.117-366), son abordados sete aspectos: “a natureza biolóxica dos sexos” (pp. 117-153), sobre a diferenciación de macho e femia, a superioridade do macho, os trazos definitorios, as tachas das mulleres, etc.; “o sexo” (pp. 154-188), a súa representación e

a linguaxe, anatomía, funcionamento, dietas, afrodisíacos, actividade, etc.; “os símbolos do sexo” (pp. 188-226), como fogo, fame, sede, sementar, brial, ola, fechadura, etc.; “a luxuria” (pp. 226-264), tocando bestialidade, tentación, pecado, remedios e axudas, o demo, o carnaval, etc.; “os símbolos da luxuria” (pp. 264-290), relacionados coa auga, o fedor, a inmundicia e con especial atención aos animais: galo, coello, lebre, pardal, mono, porco, cabra, oso, can; “xénero e luxuria” (pp. 290-321), a diferenciación entre home e muller, correspondendo a esta os trazos (portadora, tentadora, pervertedora) e os papeis (adúltera, pecadora, puta, algunhas putas santas) dominantes; e, por último, o contrapunto, “continencia e virxindade” (pp. 321-366), sobre a castidade, unha virtude heroica, a virxindade e os seus modelos, virxindade consagrada, matrimonio espiritual, etc. Anotamos, anecdoticamente, mais como signo do tratamento multifocal e do interese transdisciplinar da investigación de Mariño, a epígrafe sobre “ar e erección” (pp. 158-162), coas súas implicacións sobre a noción e a concepción do “espírito”.

“Sedución, conquista e matrimonio” (pp. 367-651), a terceira parte, trata das relacións que conducen ao matrimonio e das relacións dentro do matrimonio, único ámbito en que é admitida a sexualidade na sociedade tradicional. Posúe un grande interese para o coñecemento da moral sexual tradicional, desde a Antigüidade até aos nosos días. Consta de cinco apartados: “a conquista masculina” (pp. 367-382), sobre os papeis habituais do cabaleiro e o cazador que conquistan (ou sexa, seducen) pola súa valentía; “a sedución feminina” (pp. 382-444), que pivota sobre a beleza, manifesta pola pel branca (indicio do non traballo), na cabeleira e no peiteado (cortar os cabelos, levalos á vista ou velalos, tentadores, etc.), por medio do espello, no baño (ou sexa, a nudez), o vestido, os adornos, os afeites (ou sexa, os cosméticos), os perfumes, a voz e o canto, e, cando a beleza non chega, o recurso á maxia ou a relixión, etc.; “o matrimonio” (pp. 444-488), partindo, mormente, do dereito, usos e costumes romanos, mais centrándose no matrimonio cristián cos seus requisitos (consentimento mutuo, aprobación paterna), contidos (procreación, axuda, remedio da concupiscencia) e trazos (indisolubidade e divorcio), a viuvez e as segundas nupcias, etc.; “sexo e vida matrimonial” (pp. 489-560), a virxindade antes do matrimonio, o sexo centrado na reprodución, mais que non exclúe outros fins matrimoniais, como a axuda mutua e o remedio da concupiscencia, a práctica da sexualidade, o débito sexual, máis marcado nas mulleres, a fidelidade e o adulterio, máis penado nas mulleres, modelos de esposos, etc.; “os ritos nupciais” (pp. 560-651), estudados con sumo detalle, tanto os previos,

relativos á concertación do matrimonio, como os propios da celebración, relativos ao cerimonial, como os característicos da vida matrimonial, desde o abandono da casa paterna e o traslado á do marido e, a seguir, o inicio da vida conxugal: así, desde o principio e en diante, baño, coroa, ramo, cinto, traxe branco, unión de mans, arras, anel, lazo ou nó, beizón paterna, comer ou beber xuntos os esposos, beixo nupcial, beizón do tálamo, noite de vodas, etc.

Na cuarta e última parte, é abordado un dominio especialmente rico en formulacións na sociedade tradicional e a cultura popular: “Xénero, mito e relixión” (pp. 653-859). Comprende oito apartados: “pureza/impureza” (pp. 653-684), nas súas formas cultural e moral, presentes no paganismo e no cristianismo, onde, pola noción de pecado, predomina a moral, relacionadas co menstruado, o embarazo, o parto (obsérvase a dominancia feminina), mais tamén o seme e a actividade sexual, e inclusive o sangue e a morte (na súa relación coa temática desta investigación), cos seus efectos nocivos, físicos e psicolóxicos; “homes lobos, centauros e sereas” (pp. 684-718), figuras híbridas en que a sexualidade se manifesta en forma maléfica, pervertedora e destrutora de mulleres (o home lobo, o centauro) e de homes (as sereas, as clásicas muller-ave, que seducen co seu canto e as medievais e posteriores muller-peixe, cuxo atracción remite á forma fálica e á elevada fecundidade dos peixes); “as más mulleres míticas” (pp. 718-729), concretamente Pandora, no mundo pagán, e Eva, na tradición bíblica; “o demo e a muller” (pp. 729-745), sobre o demo como encarnación do mal, a súa aparición baixo o aspecto de muller, a muller como demo e como instrumento do demo, a bruxa, e, pola contra, o masculino como arma contra o mal; “a serpe, o demo e a muller” (pp. 746-775), sobre o demo-serpe, a serpe-muller ou muller-serpe (algunhas sereas), prestando atención particular ás figuras de Lilith, na tradición xudía, e sobre todo de Melusina, no medievo cristián, unha historia complexa e repleta de significación; “a maternidade e a Virxe María” (pp. 775-802), desde a valorización da maternidade e os seus modelos no mundo clásico, coas relacións materno-filiais, á entronización, na tradición cristiá, de María, virxe e nai, núcleo da Sagrada Familia; “símbolos de continencia e virxindade” (pp. 802-854), moito abundantes na sociedade tradicional, que circunscribe o sexo á procreación e o matrimonio (vida exemplificada polo elefante), e que atinxen, en especial, ás mulleres: cinxidor e cinto, castelo, muralla e torre inexpugnábeis, porta e horto cerrados, o cristal e o vidro, a arca e o templo, a silva ardendo (como a Virxe María), o branco e a limpeza (o armiño, como animal simbólico), as flores (fragrancia, desfloración, azucena, lirio, flor de lis, rosa), o unicornio,

descripción mítica do rinoceronte e representación figurada do macho agresivo dominado por unha doncela, que se torna en atributo da castidade; “a nova Eva” (pp. 854-859), i.e., María, virxe e nai.

A modo de síntese (do contido e o espírito) desta longa e fonda investigación, resultado doutras moitas de anos que confluíron agora neste traballo, vallan estas palabras do autor: “Hemos visto y analizado los incontables símbolos, imágenes y creencias sobre la generación, el sexo, la seducción y el matrimonio que empleó la cultura tradicional europea, en gran parte heredados de Grecia, Roma e Israel. También nos hemos interesado por la utilización de esos símbolos en la construcción del género, en la transformación de los machos y las hembras en hombres y mujeres. Hemos destacado la importancia de cuentos, leyendas, mitos, creencias y personajes míticos, como la sirena, el centauro, el hombre lobo, las melusinas y el híbrido misógino, que el siglo de las luces arrojó al cubo de las supersticiones, en la configuración de los modelos de mujer y hombre. Creemos haber mostrado que, en contra de la miope opinión de los ilustrados, esos símbolos, mitos y creencias, lejos de alimentarse de la ignorancia, son creaciones culturales ideadas con sabiduría para inculcar una determinada concepción de la vida y de las relaciones entre los varones y las mujeres. Cabe estar en desacuerdo con los principios de la sociedad patriarcal que los alienta, pero no de la eficacia de los mecanismos creados para imponerlos” (p. 859).

En definitivo, Mariño Ferro ofrece nestas páxinas un traballo, cheo de interese desde diversos ángulos, de compilación, análise e interpretación, baseado en abundante e selecta documentación non só bibliográfica (“bibliografía”, pp. 861-879) mais tamén iconográfica (magnificamente reproducida, entre as pp. 448 e 449, en 32 láminas contendo 77 ilustracións).

Luis G. Soto